



CAMPO DE VOLUNTARIADO “ALÍ, XAZ” (PONTECESO-A CORUÑA)

DATAS	IDADES	ÁMBITO	MODALIDADE	PRAZAS
27/08 - 7/09/2020	18-30	Autonómico	Medioambiental e etnográfico	12

LOCALIZACIÓN

Ponteceso é un concello galego situado na parte occidental da provincia da Coruña, na supracomarca coñecida como a Costa da Morte. Atópase moi próximo ás cidades da Coruña e Santiago de Compostela.

NOTA: este campo non dispón de accesos para persoas con discapacidades físicas.

DESCRIPCIÓN DO CAMPO

O campo de voluntariado desenvolverase na aldea do Couto (Ponteceso) e na desembocadura do río Anllóns, tamén en Malpica, o concello veciño onde colaboraremos na organización da "XIII Festa Galega".
 Liñas de acción:

- Participación nas actividades do Festiletras
- Colaboración nas actividades do programa cultural Encrucilladas, da Fundación Eduardo Pondal
- Colaboración na organización das actividades da veciñanza da A.C. Monte Branco, do Couto.
- Investigación de elementos etnográficos da vila do Couto.
- Colección de patrimonio oral.
- Sinalización de elementos etnográficos.
- Difusión do traballo de toda a información recompilada neste campo.



ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS

- Xogos: de presentación, cooperativos, de asexo, nocturnos, de orientación, dinámicos.
- Obradoiros: Relaxación e masaxe, instrumentos musicais...
- Rutas pola Costa da Morte, a ferverza do Ézaro, o castelo de Vimianzo, Carnota, Santiago de Compostela, Nosa Señora da Barca de Muxía, Fisterra, Laxe...
- Veladas de xogos e animación.
- Festa de disfraces.
- Culturais: Vídeo-foro, contos e lendas galegas, xogos tradicionais, visita de grupos de música tradicional galega...
- Deportivas: xincana, olimpiada, deportes alternativos, tenis de mesa, palas de praia, xogos de area, canoas-piraguas...
- Malabares.



NOTA: estas actividades complementarias son orientativas e estarán suxeitas a modificacións derivadas do propio desenvolvemento do campo.

PUNTO DE ENCONTRO:

Fundación Eduardo Pondal. Lg. O Couto, 62, 15110 Ponteceso.

<https://www.facebook.com/fundacion.eduardopondal>

COMO CHEGAR

Dende a estación de autobuses de Santiago, debes coller un autobús da compañía Aucasa (www.aucasabus.com) para ir a Carballo.



CAMPO DE VOLUNTARIADO “ALÍ, XAZ” (PONTECESO-A CORUÑA)

Dende a estación de autobuses da Coruña, debes coller un autobús da compañía Arriba (www.arriba.gal) para ir a Carballo.

Dende Carballo ata Ponteceso, a compañía Arriba (www.arriba.gal) fai o servizo de transporte por estrada.

É importante comunicar por correo electrónico á fundacioneduardopondal@gmail.com a hora de chegada e coordinar o transporte dende a vila á aldea do Couto.

ALOXAMENTO

Casas cedidas polos Veciños

O Couto, 56

15510 Aldea do Couto (Ponteceso)

<https://www.youtube.com/watch?v=gcX5EmyYzPQ>



COTA

CENTO DEZ (110 €) euros. As persoas posuidoras do carné xove, título de familia numerosa ou familia monoparental, OITENTA E DOUS EUROS E CINCUENTA CÉNTIMOS (82,50 €).

DEVOLUCIÓN DA COTA

Devolverase a cota no caso de suspensión da actividade.

Cando se produza un ingreso hospitalario ou outra causa médica grave, que afecte á persoa e lle impida incorporarse ao campo de voluntariado. Esta causa debe acreditarse cos pertinentes informes médicos e/ou do hospital no que se atopara ingresado o/a interesado/a.

Por falecemento ou enfermidade grave dun familiar ata o 2º grao. Esta causa debe estar acreditada con informes médicos e/ou do hospital onde se atope ingresado o familiar, ou con certificado de defunción, de ser o caso.

EQUIPO ACONSELLABLE

Útiles de aseo (neceser completo) e toalla de ducha

Saco de durmir, esteira e mochila para rutas

Calzado cómodo para montaña e calzado deportivo

Roupa: de deporte (suadoiros...), de baño (traxe de baño, toalla, chancletas...), de abrigo (roupa idónea para poder realizar o traballo no caso de choiva ou frío), de auga (chuvasqueiro), de traballo (guantes, gorro, calzado cómodo, botas de montaña...).

DOCUMENTACIÓN

Todas as persoas participantes deberán levar o seu documento de identidade e a tarxeta sanitaria.

SEGURO

Todas as persoas participantes disporán dun seguro que cobre os accidentes que se poidan producir durante a actividade e a responsabilidade civil que deles se poida derivar.

CONTACTOS

Dirección Xeral de Xuventude, Participación e Voluntariado. Tfno.: 981 957 115

camposdetraballo.xuventude@xunta.gal

www.facebook.com/xuventude.net

José María Varela Martínez: 620 069 373 / fundacioneduardopondal@gmail.com

Servizo de Xuventude da Coruña. Tfno.: 881 881 238

INFORMACIÓN ADICIONAL

www.xuventude.net. Portal da Dirección Xeral de Xuventude, Participación e Voluntariado da Xunta de Galicia con toda a información sobre campos de voluntariado, ocio e tempo libre, actividades, formación...

www.ponteceso.net. Información sobre o concello de Ponteceso, situación, turismo, transportes, accesos...